

GUÍA DIDÁCTICA

O proxecto Live Music combina actividades CLIL en inglés con contidos da materia específica de Música de 2º ESO que serán traballados con ferramentas TIC. Téntase dar resposta ás necesidades dos docentes de centro bilingües e plurilingües de atopar material axeitado ás esixencias do currículo.

1. CONTIDOS

O proxecto consta de catro unidades cos seguintes contidos:

UNIT 1



- [SOUND](#)
- [THE STAVE](#)
- [RELAXATION TIPS](#)
- [REHEARSING](#)
- [A WORLD OF MUSIC](#)
- [SELF-REFLECTION](#)
- [DOCUMENTS](#)

-The sound: Music, sound, noise. Parts of an ear, how we perceive sound. *Echo, sonic boom, sonar, noise pollution, decibel scale.* Characteristics of sound; intensity, duration, pitch, timbre. Degrees of intensity.

-The stave I: The stave (lines and spaces), treble clef, time signature, bar, bar line, types of bar lines, notes (pitch and duration of sound), parts of a note.

-Relaxation tips: Box breathing and visualizing.

-Rehearsing: Exercises and Dvorák's Symphony No. 9 in E minor (From the New World). Breathing marks.

-A World of Music: Rock and roll, jazz, country, gospel, rhythm and blues. *Rosetta Tharpe, Aretha Franklin, Tina Turner, Queen.*

-Self-reflection.

-Documents: Content rubric. Performing music rubric. Teamwork rubric. Use of Foreign Language rubric. Curriculum. Music, video and photo credits. Bibliography.

UNIT 2



- [INSTRUMENTS AND ENSEMBLES](#)
- [VOICE AND VOCAL ENSEMBLES](#)
- [WARM-UP TIPS](#)
- [REHEARSING](#)
- [A WORLD OF MUSIC](#)
- [SELF-REFLECTION](#)
- [DOCUMENTS](#)

-Instruments and ensembles: String instruments (bowed, struck, plucked), wind instruments (woodwind, brass, others) and percussion instruments (pitched, unpitched). Orff instruments. Galician instruments. Instruments ensembles: *philharmonic orchestra, symphony orchestra, chamber orchestra, concert band, string ensemble, woodwind ensemble, jazz band and rock band.* *Alondra de la Parra.*

-Voice and vocal ensembles: How voice is produced, types of voices (soprano, mezzo-soprano, contralto, tenor, baritone, bass, countertenor). Falsetto. Types of voice ensemble depending on number of performers: duet, trio, quarter, quintet, school choir, church choir, professional choir, community choir. Types of choirs depending on voices: mixed choirs, equal voice choirs, treble choirs. A capella singing. *Maria Callas, Montserrat Caballé, Ainhua Arteta.*

-Practice and warm-up: Practice organization (space and melodies) and finger warm-ups.


-**Rehearsing:** Class, rehearsal and public performance rules. Exercises and music arrangements of a traditional English song called *Scarborough fair*.

-**World of Music:** Galician folk music (Fuxan os ventos, A Roda, Milladoiro, Luar na Lubre, Uxía, Carlos Núñez, Susana Seivane). Irish folk music: The Dubliners, The Chieftains, Sharon Shannon, Cristina Pato.

-**Self-reflection.**

-**Documents:** Content rubric, Performing music rubric, Teamwork rubric, Use of foreign language rubric, Oral Presentation rubric, curriculum, music and photo credits, bibliography

UNIT 3



- THE STAVE II
- BODY PERCUSSION AND DANCE
- WARM-UP TIPS
- REHEARSING
- A WORLD OF MUSIC
- SELF-REFLECTION
- DOCUMENTS

-**The stave II:** Intervals (melodic, harmonic, ascending, descending, conjunct, disjunct, simple, compounds), melody, harmony (consonant, dissonant), beat (metronome), metre, accent, rhythm, phrase and form Elisabeth Claude Jacquet de La Guerre, Violeta Hemsy de Gainza.

-**Body percussion and dance:** Benefits of body percussion in the music class, types of movements,

musicogram, musicomovigram. Types of dance: classical, folk, modern, contemporary, ballroom. Sara Baras, Isadora Duncan.

-**Warm-up tips:** Improving breathing, voice articulation exercises, wrist warm-up.

-**Rehearsing:** Exercises and music arrangements of act I Habanera from the opera Carmen by Georges Bizet (first performed in 1875).

-**A World of Music:** Opera (baroque, classical, romantic, 20th century opera, authors), zarzuela (types, authors). Teresa Berganza, Cecilia Bartoli, Alfredo Kraus.

-**Self-reflection.**

-**Documents:** Content rubric, Performing music rubric, Teamwork rubric, Use of foreign language rubric, Oral Presentation rubric, curriculum, music, video and photo credits, bibliography.

UNIT 4



- MUSIC IN ADVERTISING AND FILMS
- MUSIC IN THEATRE PLAYS
- ICT IN THE MUSIC CLASSROOM
- WARM-UP TIPS
- REHEARSING
- A WORLD OF MUSIC
- SELF-REFLECTION
- DOCUMENTS

-**Music in films and advertising:** Silent films: Mary Pickford, positive aspects of music in film, different music for different scenes, incidental music, music as a geographical reference. Crescendo and false crescendo, soundtrack. Characteristics, types and purpose of music in advertisements. Jingles. Famous films soundtracks. Wendy Carlos.

-**Music in theatre plays:** Importance of music in theatrical performances, types of music: overture, between acts, incidental, ambient, final. Musicals. Mérida Roman Theatre. Theatre festivals in Spain. Different melodies suggest different scenes. Spanish actresses:

Nathalie Poza, Concha Velasco, Carmen Machi, Ana Belén. Galician actresses. Theatre Festivals in Spain.

-**Warm-up tips:** Pinwheel breathing exercise. /r/, /s/, /mum / voice articulation warm-up. Body warm-up. *Annabelle López Ochoa.*

-**ICT in the music classroom:** Programmes to create scores and practise music elements. Programmes to present material. Video editors. Sound editors and creators. Music and scores repositories. *Ada Lovelace.* ICT vocabulary: Copyright, template, transition, operating system, software, download, video and audio file names. *Copyleft, Linux, Creative Common Licensing.*

-**Rehearsing:** Exercises and music arrangement of the song *Under the Sea* from the film *The Little Mermaid* (1989).

-**A World of Music:** Music from 1950 onwards: Pop, rap, dance, grunge, heavy metal, punk rock, reggae, ska, house, electronic music, trap, Latin music (reggaeton, Latin trap, bachata). *Ana Torroja* and Mecano, *Björk Guðmundsdóttir*, *Katy Perry.*

-**Self-reflection.**

-**Documents:** Content rubric, Performing music rubric, Teamwork rubric, Use of foreign language rubric, Oral Presentation rubric, Drama Performance rubric, curriculum, music, video and photo credits, bibliography.

2. OBXECTIVOS

A. Obxectivos referidos á lingua estranxeira, inglés:

- Mellora xeral da comprensión lingüística mediante a exposición permanente á lingua.
- Desenrolo de habilidades comunicativas e auditivas.
- Introducción dun contexto cultural mais amplo onde se combinen a tolerancia, o interese e o respecto por outras manifestacións artísticas diferentes da propia.
- Desenrolo da confianza propia de poder ser un bo comunicador en escenarios de linguaxe auténticos.
- Preparación para poder acceder a certificacións internacionais de nivel na lingua estranxeira e para cursos que se baseen nun enfoque TIC que incorpore ademais parte do currículo nesa lingua estranxeira

B. Obxectivos referidos á materia de música:

- Coñecemento dos elementos que conforman a música e que permitan a súa análise e interpretación.
- Apreciación de diferentes elementos de outras culturas.
- Desenrolo da capacidade de apreciar elementos musicais.
- Adquirir capacidades para elaborar pezas vocais ou instrumentais que permitan a propia expresión.
- Aprendizaxe que permita o uso de fontes de información relacionadas coa música.
- Fomento da audición activa e consciente que permita apreciar e valorar os matices das obras e que axude á diversificación do gusto musical.
- Coñecer a axuda que poden prestar as novas tecnoloxías na creación de novas músicas.

C. Obxectivos referidos ao comportamento social

- Desenvolvemento de tarefas cooperativas e individuais que suporán a necesidade de adaptación a persoas e agrupacións diferentes.
- Visualización do papel da muller dentro do mundo da música como elemento de igual valor e capacidade que os seus compañeiros masculinos, cara a unha normalización das relacións de igualdade.
- Adaptación ás diferentes necesidades educativas que permitan aos diferentes suxeitos a adquisición dos contidos.
- Desenvolvemento da sensibilidade cara a música e as manifestacións culturais propias e alleas.

D. Obxectivos referidos ao uso das TIC

- Coñecemento e uso do software necesario para o desenvolvemento das actividades propostas e do currículo.
- Busca axeitada de información na rede e uso de dicionarios online para mellorar a práctica na lingua estranxeira.
- Coñecemento e aplicación das licenzas Creative Commons.

3. METODOLOXÍA E ASPECTOS CURRICULARES

O proxecto está orientado cara a unha **metodoloxía CLIL** na que a lingua é o vehículo que permite a obtención de contidos e o desenvolvemento de capacidades. Trátase dun ensino flexible adaptable as capacidades e ritmos do alumnado con diferentes niveis de dificultade nas tarefas propostas, dende os procesos cognitivos de orden inferior aos de orden superior. Un dos obxectivo fundamentais é a comunicación e o emprego do vocabulario axeitado proporcionado en cada unidade e o uso das **TIC** na actividade habitual da aula. A presenza de textos contribúe ao desenvolvemento da comprensión lectora.

A adquisición dos contidos e capacidades relacionadas coa materia de Música está conectada con autores e sistemas pertencentes ao período dominado polos métodos creativos. Dalcroze afirmaba que a música óese con todo o corpo e non so co oído e de aí a inclusión de actividades que traballan a motricidade, a percepción e a conciencia corporal. De Carl Orff se toma a prosodia, o uso de melodías da tradición oral e de **instrumentos de percusión** e a súa aplicación aos intereses do alumnado: **cantar**, tocar algún instrumento e **moverse** ao ritmo da música. J. Paynter fai fincapé na necesidade de que o alumnado desenvolva a imaxinación musical e polo tanto se promove a **creación** de composicións. Wuytack and Swanwick se centran en ensinar ao alumnado a escoitar a música para que poidan aprendela e apreciála, o que supón unha escoita activa e participativa e inclúe o uso de musicogramas para visualizar a música. Estes métodos creativos se combinan con as propostas de Zoltán Kodály de abordar a música dende unha perspectiva metodolóxica e teórica.

O proxecto fomenta a combinación do traballo en grupo, en parellas e o esforzo individual como método de alcanzar os obxectivos.

Outro dos aspectos importantes que tratan as unidades é dar visibilidade ao traballo das **mulleres** nos diferentes campos da música: cantantes de varios xéneros, directora de orquestra, actrices, compositoras, pedagoga, instrumentistas, coreógrafa, bailadora, etc. Acompañando aos contidos e aos exercicios, hai fotos de mulleres cun breve texto explicativo do seu traballo e o seus logros.

4. ACTIVIDADES E ORIENTACIÓNS DIDÁCTICAS

As unidades comencan coa presentación dos contidos seguidos de actividades para a práctica da lingua estranxeira e dos propios contidos musicais. Empregando o sistema de taxonomías de Bloom, as actividades comencan de forma sinxela e **aumentan en dificultade** gradualmente:

- Deletrear, completar palabras coas vogais, escoitar palabras e escribilas, recoñecer notas, silencios e elementos do pentagrama, identificar imaxes.
- Escoitar definicións e unilas co término definido, clasificar instrumentos, melodías, partituras, completar frases e textos coas palabra ou palabras que faltan. Rematar compases. Recoñecer melodías, instrumentos e tipos de baile e danza. Tocar instrumentos en solitario.
- Reutilizar os contidos para saber que notas poden faltar nos compases e elaborar compases novos seguindo modelos estudados, razoar respostas, xustificar opinións, audición interior. Tocar instrumentos en grupo, bailar en parellas ou en grupo.
- Presentar e defender contidos ao resto da clase en diferentes formatos, reflexionar sobre as normas, aportar ideas, decidir sobre melodías, contido, pezas musicais, bailes.
- Elaborar proxectos, producir, deseñar, compoñer, etc.

A gradación permite a **adaptación** aos diferentes niveis do alumnado. Os exercicios poden tamén realizarse individualmente, en parellas ou en grupo dependendo das necesidades. Poden realizarse varias veces ata que os contidos sexan interiorizados e poden realizarse fora del centro escolar para reforzar o traballo da aula.

En varias partes das unidades hai **proxectos** que o alumnado pode realizar. Estes presentan diferente grado de complexidade, por exemplo: facer folla de recompilación de datos, póster, liña temporal, infografía, comprobar a programación cultural da zona, gravar sons, tocar melodías sinxelas cun solo instrumentos, facer un podcast, organizar una saída ao teatro, crear melodías, bailes, tocar varios instrumentos en grupo, organizar e representar unha obra de teatro, etc.

En cada apartado da unidade onde se presenten contidos hai preguntas para traballar a **comprensión lectora** e tamén se propoñen actividades de busca de información na biblioteca e de colaboración con outros departamentos docentes.

5. AVALIACIÓN

Os resultados se medirán con **rúbricas**. Ó longo das unidades hai rubricas para avaliar o traballo en grupo, a adquisición de contidos, a práctica instrumental ou vocal, a representación dramática, a percusión corporal e a danza, o uso das ferramentas TIC, o uso da lingua estranxeira e as presentacións orais.

En cada unidade hai un exercicio de **reflexión** con varias diapositivas sobre as diferentes partes da propia unidade, co fin de que o alumnado poida avaliar o traballo desenvolvido. Ademais, o alumnado pode anotar as súas conclusións nun **caderno de progreso** para comprobar o seu avance cada semana e haberá unha posta en común entre toda a clase para obter **retroalimentación dos iguais**.